# Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 12 de xullo de 2013

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o doce de xullo do ano dous mil trece, ás trece horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados, don Rosendo Luis Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don Antonio Montero Fernández, don José Antonio Feijóo Alonso, don Emilio José Pazos Ojea, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don José Manuel Freire Couto e don Eladio Mangana Nóvoa os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

**1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DO DÍA 5 DE XULLO DE 2013.-** Unha vez examinada a acta da sesión que tivo lugar o día cinco de xullo de dous mil trece, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

**2.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS PARA CURSAR ESTUDOS UNIVERSITARIOS NA UNIVERSIDADE DE VIGO –CAMPUS DE OURENSE- NO MARCO DO PROGRAMA "OURENSE EXTERIOR" ANO 2013.-** Unha vez visto o informe -proposta de data 10 de xullo de 2013, que formula a comisión de valoración para a concesión de bolsas para cursar estudos universitarios na Universidade de Vigo –Campus de Ourense- no marco do programa "Ourense Exterior" ano 2013, cuxas bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno o día 16 de maio de 2013 e publicadas no BOP n.º 117, do 23 de maio de 2013, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-la seguinte resolución:

1º.- Excluír ás persoas que se relacionan por non cumpri-los requisitos do programa.

| ORDE | DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN | APELIDOS | NOME |
|---|---|---|---|
| 1 | 15009866-1 | AHUMADA ORTIZ | CECILIA CAROLINA |
| 2 | 5242831 | ESPINOZA DELGADO | MILAGROS DEL PILAR |
| 3 | G07425422 | IBARRA GALLEGOS | EDGAR |
| 4 | G03406779 | RIVERA LARES | LOURDES KARIM |

**Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 12 de xullo de 2013**

| | | | |
|---|---|---|---|
| 5 | 106830333 | RODRÍGUEZ SOLANO | ALEJANDRO ROBERTO |

- Base terceira: "*Ter menos de 30 anos*."

| ORDE | DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN | APELIDOS | NOME |
|---|---|---|---|
| 1 | 4443270-0 | GARCÍA ACOSTA | MARÍA XIMENA |
| 2 | XDA539828 | TOBARES RENEDO | DEBRA ARACELI |

- Base primeira: "*O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión de 10 bolsas individuais, para cursar estudos universitarios de primeiro curso de máster oficial, en matrícula ordinaria, nas diferentes titulacións de posgrao presenciais que se imparten no Campus de Ourense da Universidade de Vigo.*

2º.- Concedérlle-las seguintes bolsas ás persoas que se indican a continuación e que acadaron as puntuacións que lle dan acceso directo a ser beneficiarias das bolsas Ourense Exterior, tendo en conta os criterios de valoración establecidos na base 11ª e os criterios de prelación establecidos na base 4ª.

| ORDE | DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN | APELIDOS | NOME | MÁSTER PARA O QUE SE LLE CONCEDE A BOLSA |
|---|---|---|---|---|
| 1 | 44487697Q | RIOL MARTÍNEZ | JULIÁN | Máster en xestión empresarial do deporte |
| 2 | 88050339798 | DELGADO PERDOMO | MARLIS | Máster en dirección e planificación do turismo interior e de saúde |
| 3 | 30319278 | NARVAJA | MARÍA EVANGELINA | Máster en investigación psicosocioeducativa con adolescentes en contextos escolares |
| 4 | 31127206N | RODRÍGUEZ DEL VALLE | ADRIANA | Máster en dirección e planificación do turismo interior e de saúde |
| 5 | XDA716678 | FERNÁNDEZ TINEO | MARÍA DE LA PAZ | Máster en ciencia e tecnoloxía agroalimentaria |
| 6 | AAD404960 | GARCÍA VILLASANTE | PAULA | Máster en intervención multidisciplinar na diversidade en contextos educativos |
| 7 | J825221 | FONSECA CANELAS | RICARDO JORGE | Máster en ciencias do clima: meteoroloxía, oceanografía, física e mudanza climática |
| 8 | 1032433361 | LUNA THORRENS | ENRIQUE FEDERICO | Máster en intervención multidisciplinar na diversidade en contextos educativos |
| 9 | 12588108 | BASTOS LOPES | CARINA DE LURDES | Máster en ciencias do clima: meteoroloxía, oceanografía, física e mudanza climática |
| 10 | 13733253 | JESÚS SOUSA SANTOS | TANIA DANIELA | Máster en dirección e planificación do turismo interior e de saúde |

**Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 12 de xullo de 2013**

3º.- En aplicación do previsto na base reguladora décimo segunda apróbase a lista de reserva integrada polas seguintes persoas:

| ORDE | DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN | APELIDOS | NOME | MÁSTER PARA O QUE SE LLE CONCEDE A BOLSA |
|---|---|---|---|---|
| 1 | 33245129 | MALASPINA ABINZANO | NAHUEL ANDRÉS | Máster en dirección e planificación do turismo interior e de saúde |
| 2 | 4.114.358-2 | BRENES BARANZANO | JUAN | Máster en sistemas de software intelixentes |
| 3 | 32.151.370 | SILVA SANTIAGO | EUGENIA | Máster en creación, dirección e innovación na empresa |
| 4 | XD463134 | SUAREZ MADERO | CAROLINA | Máster en dereito urbanístico e do medio ambiente |
| 5 | H134766 | ALMEIDA VIDAL | JENNIFER | Máster en creación, dirección e innovación na empresa |
| 6 | B639793 | ALMEIDA VIDAL | YINET BARBARA | Máster en creación, dirección e innovación na empresa |
| 7 | 14.692.783 | JORGE SALLES | RODRIGO | Máster en intervención multidisciplinar na diversidade en contextos educativos |
| 8 | 34057198873 | SEIXAS FERREIRA | LORAINE | Máster en investigación psicosocioeducativa con adolescentes en contextos escolares |

4º.- A notificación desta resolución realizarase exclusivamente a través da súa publicación na sede electrónica da Deputación Provincial.

**3.- APROBACIÓN SUBVENCIÓN Á AGRUPACIÓN CORAL DE RUADA**.- No Pleno de data 26 de abril de 2013 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 6.000,00 euros a favor da Agrupación Coral de Ruada para os gastos de funcionamento da entidade correspondentes ó ano 2013, con cargo á aplicación orzamentaria 334.13/489.01.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Agrupación Coral de Ruada, nos seguintes termos:

-**Importe**: 6.000,00 €.

-**Obxecto**: gastos de funcionamento da entidade correspondentes ó ano 2013.

-**Xustificación**: a subvención xustificarase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

Advírtese que nos gastos de comidas só se admitirá o 20% do total do custo xustificado.

-**Prazo xustificación**: ata o 31 de outubro de 2013.

**4.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO E INDUSTRIA DE ORENSE**.- No Pleno de data 26 de abril de 2013 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 25.000,00 euros a favor da Cámara Oficial de Comercio e Industria de Ourense para os gastos de funcionamento da entidade correspondentes ó ano 2013, con cargo á aplicación orzamentaria 433.00/489.01.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Cámara Oficial de Comercio e Industria de Ourense, nos seguintes termos:

-**Importe**: 25.000,00 €.

-**Obxecto**: gastos de funcionamento da entidade correspondentes ó ano 2013.

-**Xustificación**: a subvención xustificarase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención

concedida.

-**Prazo xustificación**: ata o 31 de outubro de 2013.

**5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ESTACIÓN INVERNAL MANZANEDA, SA**.- No Pleno de data 26 de abril de 2013 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 150.000,00 euros a favor da Estación Invernal Manzaneda, SA para a realización do proxecto de innovación Oca Nova Manzaneda, con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/770.00

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Estación Invernal Manzaneda,SA, nos seguintes termos:

-**Importe**: 150.000,00 €.

-**Obxecto**: a realización do proxecto de innovación Oca Nova Manzaneda.

-**Xustificación**: a subvención xustificarase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 72 e 73 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

As facturas orixinais, unha vez seladas, seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

-**Prazo xustificación**: ata o 31 de outubro de 2013.

**6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A LA REGIÓN, SA**.- No Pleno de data 26 de abril de 2013 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 29.000,00 euros a favor de La Región, SA para a celebración da actividade “Universitas Emprende”,

con cargo á aplicación orzamentaria 334.13/489.01.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención a La Región, SA, nos seguintes termos:

-**Importe:** 29.000,00 €.

-**Obxecto**: a celebración da actividade “Universitas Emprende”

-**Xustificación**: a subvención xustificarase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

-**Prazo xustificación**: ata o 31 de outubro de 2013.

**7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A LA REGIÓN, SA**.- No Pleno de data 26 de abril de 2013 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 49.000,00 euros a favor de La Región, SA para a celebración da actividade “Foro La Región 2013”, con cargo á aplicación orzamentaria 334.13/489.01.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención a La Región, SA, nos seguintes termos:

-**Importe**: 49.000,00 €.

-**Obxecto**: a celebración da actividade “Foro La Región 2013”

-**Xustificación**: a subvención xustificarase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

-**Prazo xustificación**: ata o 31 de outubro de 2013.

**8.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE BAÑOS DE MOLGAS**.- No Pleno de data 26 de abril de 2013 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 25.000,00 euros a favor do Concello de Baños de Molgas, para a realización de arranxos no campo de fútbol, con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/762.00.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Baños de Molgas, nos seguintes termos:

-Importe: 25.000,00 €.

-**Obxecto**: a realización de arranxos no campo de fútbol.

-**Xustificación**: a subvención xustificarase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

-**Prazo xustificación**: ata o 31 de outubro de 2013.

**9.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DO CARBALLIÑO**.- No Pleno

de data 26 de abril de 2013 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 10.000,00 euros a favor do Concello do Carballiño, para a celebración da Festa do Pulpo correspondente ó ano 2013, con cargo á aplicación orzamentaria 334.13/462.01.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello do Carballiño, nos seguintes termos:

-**Importe**: 10.000,00 €.

-**Obxecto**: a celebración da Festa do Pulpo correspondente ó ano 2013.

-**Xustificación**: a subvención xustificarase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

-**Prazo xustificación**: ata o 20 de setembro de 2013.

**10.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE RIBADAVIA**.- No Pleno de data 26 de abril de 2013 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 15.000,00 euros a favor do Concello de Ribadavia, para a celebración da Mostra Internacional de Teatro correspondente ó ano 2013, con cargo á aplicación orzamentaria 334.13/462.01.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita

solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Ribadavia, nos seguintes termos:

-**Importe**: 15.000,00 €.

-**Obxecto**: a celebración da Mostra Internacional de Teatro correspondente ó ano 2013.

-**Xustificación**: a subvención xustificarase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

Advírtese que nos gastos de comidas só se admitirá o 20% do total do custo xustificado.

-**Prazo xustificación**: ata o 31 de outubro de 2013.

**11.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE XINZO DE LIMIA**.- No Pleno de data 26 de abril de 2013 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 20.000,00 euros a favor do Concello de Xinzo de Limia, para a realización de obras de reparación do campo de fútbol de Boado, con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/762.00.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Xinzo de Limia, nos seguintes termos:

-**Importe**: 20.000,00 €.

-**Obxecto**: a realización de obras de reparación do campo de fútbol de Boado.

-**Xustificación**: a subvención xustificarase mediante a presentación de conta xustificativa

simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais e documentación acreditativa do pago destas por parte do concello de Xinzo de Limia debidamente aprobados polo órgano correspondente.
Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.
-**Prazo xustificación**: ata o 31 de outubro de 2013.
**12.- ASUNTOS DE URXENCIA.-** Non se suscitaron.
**13.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA**.- Non houbo.
**14.- ROGOS E PREGUNTAS**.- Non se formularon.

E, ás trece horas e trinta minutos, do referenciado día doce de xullo do ano dous mil trece, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

**O PRESIDENTE,** **O SECRETARIO,**